

# 4

## Desenvolvemento

O presente capítulo céntrase en tres aspectos cuxos déficits inciden negativamente no desenvolvemento económico de Galicia: infraestruturas de transporte, solo industrial e empresarial e investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e transferencia de tecnoloxía.

Ao longo do período 2004-07 Galicia acolleu o 6,6% do investimento público real territorializado no conxunto do Estado. En termos monetarios, este investimento ascendeu ata os 9.772,9 millóns de euros, sendo o principal axente investidor a C.A., con 4.634,9 millóns de euros, por diante do Estado, con 2.705,7 millóns de euros.

Dende o punto de vista das infraestruturas físicas, cómpre salientar o importante retraso que, con carácter xeral, tiñan as obras do AVE en Galicia. Neste senso, a modo de exemplo, a 31 de decembro de 2007 o tramo que vai dende a fronteira portuguesa ata O Porriño levaba sete anos de retraso (aínda pendente a licitación do estudio informativo)

## rexional

ou que aínda estaba pendente de contratación o estudo informativo / D.I.A. de electrificación do Eixe Atlántico entre Vigo-Santiago-A Coruña.

En materia portuaria destaca o feito de que en abril de 2007 se convocou o concurso público para a selección de proxectos relativos ao establecemento e explotación dunha ou varias autopistas do mar entre Francia e España. O porto de Vigo presentouse como porto de cabeceira coas dársenas de Alxeciras, Saint Nazaire e Le Havre.

No que atinxe aos parques empresariais, as principais actuacións corresponden á Plataforma loxística intermodal Salvaterra- As Neves, cunha superficie lucrativa industrial de preto de 2,3 millóns de metros cadrados, e ao parque de As Gándaras, en Lugo, con máis dun millón de metros cadrados. En termos de superficie total, atópase en fase de tramitación o Plan Territorial integrado Val da Rábade, que recolle unha superficie total de 9,5 millóns de metros cadrados.

No eido das infraestruturas físicas, cómpre salientar, entre outros aspectos, tanto a presentación do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-10, que presenta entre os seus obxectivos específicos o de planificar, priorizar e coordinar o investimento público en infraestruturas, equipamentos e servizos básicos, como a aprobación da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes de ordenación do territorio e do litoral.

As actividades de investigación e desenvolvemento (I+D) en Galicia presentan un marcado carácter público, así como un insuficiente esforzo investidor en relación á media española e europea. Galicia destina a estas actividades o 0,89% do seu PIB, lonxe do 1,20% da media española e do 1,84% da media europea (o obxectivo europeo a acadar en 2010 é do 3,0% do PIB).

Esta debilidade reflíctese tamén no caso da capacidade innovadora, onde o número de solicitudes de invencións (patentes e modelos de utilidade) volveu a descender. O

seu peso relativo no total estatal sitúase nun baixo 3,9%.

Co obxectivo principal de contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia de maneira que se garanta o crecemento económico e a creación de emprego de calidade, maiores niveis de progreso e cohesión social e a preservación do medio ambiental, cultural e lingüístico de Galicia, aprobouse o primeiro Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010. O orzamento total deste Plano ascende a 679,6 millóns de euros, dos que foi executado en 2007 o 23% do mesmo. □

## 4.1. Infraestruturas

AS INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS XOGAN UN PAPEL FUNDAMENTAL COMO ELEMENTO vertebrador do territorio e impulsor de dinámicas de desenvolvemento da actividade económica. Non só permiten formalizar corredores de transporte e unha mellor e máis rápida conexión coas distintas áreas e centros de decisión, senón tamén inciden, en maior ou menor medida, na ordenación do territorio, na relocalización empresarial, na captación de investimentos, no fortalecemento do tecido produtivo xa instalado ou na xeración de tecido produtivo ex-novo.

O investimento público total real territorializado en Galicia en 2007 ascendeu a 2.900,0 millóns de euros, o 6,8% do investimento no conxunto do Estado, sendo os principais axentes investidores a C.A., con 1.332,9 millóns de euros (o 8,7% do total investido polas administracións autonómicas), e o Estado, con 849,5 millóns de euros (o 8,1%). O **cadro 4.1.1.** indica que no período 2004-2007, o investimento real ascendeu a 9.722,9 millóns de euros, o 6,6% do investimento en España, dos que 4.634,9 millóns corresponden á C.A. (8,9% da media española) e 2.705,7 aos investimentos do Estado en Galicia (o 7,2%).

A pesar do devandito investimento, cómpre salientar a importante demora que as obras do AVE teñen en Galicia, que no tramo dende a fronteira portuguesa ata O Porriño chega aos sete anos (a 31 de decembro de 2007 estaba pendente de licitación o estudo informativo). Asemade, hai que destacar que o porto de Vigo presentouse como porto de cabeceira ao concurso público convocado en abril de 2007 para a selección de proxectos relativos ao establecemento e explotación dunha ou varias autopistas do mar entre Francia e España.

Dende un punto de vista normativo, cómpre salientar, dunha banda, a presentación do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010, que entre os seus obxectivos específicos presenta o de planificar, priorizar e coordinar o investimento público en infraestruturas, equipamentos e servizos básicos. Neste senso, o 55% do investimento previsto para eses anos destínase a infraestruturas produtivas (transporte, urbanismo e mobili-

## Investimento público real territorializado nas CC.AA. segundo axentes das administracións públicas 2007 (1): presupostos iniciais

	2007			2004-2007			Total
	Entidades locais (2)	C.A.	Estado (3)	Entidades locais (2)	C.A.	Estado (3)	
	(en millóns de €)			(en millóns de €)			
	Concellos	Deputacións	Total	Concellos	Deputacións	Total	
Andalucía	1.615,1	316,9	5.907,1	6.850,5	1.173,0	8.873,6	21.575,9
Aragón	530,0	58,0	1.718,4	2.015,1	215,3	1.727,2	6.152,7
Asturias	227,8	-	1.204,0	845,1	-	2.136,1	4.483,7
Baleares	195,0	82,1	653,1	709,6	296,5	319,0	2.588,7
Canarias	373,1	388,7	1.789,9	1.436,4	1.335,1	2.492,2	5.978,8
Cantabria	165,9	-	750,0	583,5	-	1.381,4	2.974,9
Castela e León	1.083,3	299,0	3.616,0	3.657,5	1.111,3	5.184,1	12.856,0
Castela-A Mancha	772,4	102,7	2.331,9	2.502,5	339,4	2.959,7	7.784,4
Cataluña	2.540,9	86,1	4.940,2	8.502,7	294,5	6.089,5	16.734,0
Extremadura	289,8	76,4	1.609,8	924,4	284,2	2.525,9	5.313,2
<b>Galicia</b>	<b>539,5</b>	<b>178,1</b>	<b>2.900,0</b>	<b>1.790,0</b>	<b>592,4</b>	<b>4.634,9</b>	<b>9.722,9</b>
Madrid	2.800,6	-	5.194,2	8.934,7	-	4.791,7	17.003,0
Murcia	399,4	-	1.036,6	1.265,1	-	1.299,4	3.323,2
A Ríoxa	188,7	-	523,9	604,2	-	702,6	1.680,8
C. Valenciana	1.283,8	204,6	2.945,4	4.522,3	680,3	3.545,1	10.608,7
Navarra	399,7	-	716,3	1.068,5	-	1.003,9	2.173,9
País Vasco	879,6	645,0	2.325,5	2.871,9	2.278,6	1.693,1	7.182,2
Ceuta	31,7	-	54,5	131,9	-	62,2	194,1
Melilla	25,3	-	48,8	110,5	-	74,5	185,0
Non rexionalizable	-	-	2.144,0	-	-	-	8.800,7
Estranxeiro	-	-	106,1	-	-	-	365,5
<b>Total</b>	<b>14.341,6</b>	<b>2.437,4</b>	<b>42.515,5</b>	<b>49.326,2</b>	<b>8.600,6</b>	<b>52.303,7</b>	<b>147.682,3</b>

(1) cada axente comprende soamente a Administración centralizada e OOAA., agás no caso dos Concellos que soamente se refiren á súa Administración centralizada

(2) Estimación

(3) non inclúen gastos de defensa

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe económico-financiero de las Administraciones Territoriales 2006

**Lonxitude da rede de estradas en Galicia e España 2005-06**

	2005		2006		Galicia / España	
	Galicia	España	Galicia	España	2005	2006
	(en quilómetros)				(%)	
<b>A cargo do Estado</b>	2.267	25.415	2.277	25.804	8,9	8,8
Estradas dunha calzada	1.526	15.950	1.524	15.723	9,6	9,7
Estradas de dobre calzada	72	729	73	730	9,9	10,0
Autovías e autoestradas libres	405	6.573	416	7.013	6,2	5,9
Autoestradas de peaxe	264	2.163	264	2.338	12,2	11,3
<b>A cargo dos Entes territoriais</b>	15.158	140.231	15.241	140.535	10,8	10,8
Comunidade Autónoma	5.290	70.755	5.305	70.995	7,5	7,5
Deputación	9.868	69.476	9.936	69.540	14,2	14,3
<b>Rede viaria municipal</b>	61.756	489.698	61.756	489.698	12,6	12,6
<b>Total rede de estradas</b>	79.181	655.344	79.274	656.037	12,1	12,1

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

**4.1.2.**

**Índices da rede de estradas do Estado, CC.AA. , Deputacións e Cabildos 2005-06 (1)**

	2005				2006			
	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1.000 habitantes (2)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1.000 habitantes (2)	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1.000 habitantes (3)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1.000 habitantes (3)
Andalucía	0,28	3,13	187,16	586,53	0,28	3,09	187,16	609,62
Aragón	0,24	8,92	65,38	583,22	0,24	8,91	65,38	607,70
Asturias	0,47	4,66	116,29	541,79	0,47	4,66	116,29	562,37
Baleares	0,43	2,18	379,19	828,47	0,43	2,15	379,19	841,05
Canarias	0,57	2,16	306,80	664,18	0,56	2,10	306,80	688,82
Cantabria	0,49	4,62	129,66	599,28	0,49	4,58	129,66	622,55
Castela-A Mancha	0,24	7,58	61,61	467,27	0,24	7,67	61,61	495,11
Castela e León	0,34	17,13	46,15	790,46	0,35	16,88	46,15	805,98
Cataluña	0,38	1,73	377,31	653,73	0,37	1,68	377,31	663,19
C. Valenciana	0,37	1,82	358,24	653,05	0,37	1,78	358,24	663,77
Extremadura	0,22	8,27	71,15	588,18	0,22	8,44	71,15	616,48
<b>Galicia</b>	<b>0,59</b>	<b>6,32</b>	<b>96,76</b>	<b>611,41</b>	<b>0,59</b>	<b>6,33</b>	<b>96,76</b>	<b>636,37</b>
Madrid	0,42	0,57	1.162,59	663,54	0,43	0,57	1.162,59	683,49
Murcia	0,33	2,81	228,94	642,37	0,32	2,66	228,94	663,00
Navarra	0,37	6,47	99,55	644,28	0,38	6,52	99,55	658,00
Pais Vasco	0,58	1,99	277,52	550,90	0,58	1,97	277,52	564,91
A Rioxa	0,37	6,23	90,96	566,74	0,38	6,18	90,96	584,65
<b>Total</b>	<b>0,33</b>	<b>3,76</b>	<b>166,94</b>	<b>627,03</b>	<b>0,33</b>	<b>3,72</b>	<b>173,57</b>	<b>645,76</b>

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-2005

(3) poboación oficial a 1-1-2006

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

**4.1.3.**

dade e comunicacións) e a promoción económica (entre as cuxas actuacións está a relativa a solo industrial).

Doutra banda, o 30 de marzo de 2007 aprobouse no Parlamento Galego o primeiro Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010. O seu obxectivo principal é, aproveitando as vantaxes que ofrecen as TIC, contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia de maneira que se garanta o crecemento económico e a creación de emprego de calidade, maiores niveis de progreso e cohesión social e a preservación do medio ambiental, cultural e lingüístico de Galicia. O orzamento total deste Plano ascende a 679,6 millóns de euros, dos que foi executado en 2007 o 23% do mesmo.

O equipamento en tecnoloxías de información e comunicación continuou, con carácter xeral, a súa tendencia á alza tanto nos fogares como nas empresas galegas. No caso concreto dos fogares, cómpre salientar que Galicia atópase moi lonxe da media estatal no que á dispoñibilidade de ordenador e acceso a internet se refire, situándose coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade.

## Investimentos medios na rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 2002-2006 (1)

	Admón. Públicas		Entes Territoriais			Admón. públicas		Entes Territoriais		
	Estado	Total	Comunidades Autónomas	Deputacións e Cabildos	Deputacións e Cabildos	Estado	Total	Comunidades Autónomas	Deputacións e Cabildos	
	(en miles de € / 1000 habs). (2)					(en miles de € / quilómetro de rede)				
Andalucía	126,9	58,3	68,7	59,5	9,2	41,8	139,8	26,2	45,3	7,0
Aragón	292,0	225,6	66,4	48,5	17,9	32,8	121,4	9,4	10,9	6,9
Asturias	386,4	259,5	126,9	126,9	-	82,8	348,1	32,4	32,4	-
Baleares	50,7	-	50,7	-	50,7	23,6	-	23,6	-	23,6
Canarias	82,1	-	82,1	-	82,1	39,2	-	39,2	-	39,2
Cantabria	383,6	267,6	116,0	116,0	-	83,7	242,9	33,3	33,3	-
Castela-A Mancha	146,0	85,8	60,2	52,4	7,9	19,0	56,0	9,8	16,2	2,7
Castela e León	389,3	209,4	179,9	128,3	51,6	23,1	77,3	12,7	21,6	6,3
Cataluña	94,0	31,6	62,4	56,6	5,8	55,9	111,8	44,6	71,5	9,6
C. Valenciana	86,8	45,6	41,2	33,7	7,5	48,6	115,2	29,6	56,4	9,4
Extremadura	267,8	189,8	78,0	56,0	22,0	31,7	132,5	11,1	16,1	6,2
<b>Galicia</b>	<b>175,9</b>	<b>64,8</b>	<b>111,1</b>	<b>87,6</b>	<b>23,4</b>	<b>27,8</b>	<b>78,8</b>	<b>20,2</b>	<b>45,7</b>	<b>6,5</b>
Madrid	28,5	11,6	16,9	16,9	-	50,1	86,4	38,9	38,9	-
Murcia	71,5	21,1	50,5	50,5	-	26,8	69,7	21,4	21,4	-
Navarra	240,1	-	240,1	240,1	-	36,8	-	37,2	37,2	-
País Vasco	161,6	-	161,6	-	161,6	82,0	-	35,2	-	83,7
A Rioxa	243,7	165,5	78,2	78,2	-	39,5	119,9	16,3	16,3	-
<b>Total</b>	<b>136,5</b>	<b>65,3</b>	<b>71,2</b>	<b>52,2</b>	<b>18,9</b>	<b>36,7</b>	<b>113,1</b>	<b>22,6</b>	<b>32,9</b>	<b>12,2</b>

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-2006

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

## 4.1.4.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

## Transferencias e Investimentos do Ministerio de Fomento en Galicia 2007

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Varias prov.	Total
	(en miles de €)					
<b>Capítulo 4: Transferencias correntes</b>	12.598	-	-	-	-	12.598
Para compensar perda ingresos pola rebaixa das tarifas de autoestradas peaxe. R.D.L. 6/99	8.780	-	-	-	-	8.780
Para compensar a modificación temporal de tarifas (RDL 11/01)	1.260	-	-	-	-	1.260
Para compensar a Autopistas del Atlántico CESA pola supresión peaxe O Morrazo-Vigo e A Coruña-A Barcala, e inversos	2.556	-	-	-	-	2.556
Becas na especialidade profesional marina	2	-	-	-	-	2
<b>Capítulo 6: Investimentos reais</b>	333.191	118.653	171.618	324.942	5.233	953.637
D.G. de Carreteras	77.367	100.654	29.636	55.269	2.236	265.162
D.G. de Ferrocarriles	105.196	3.384	1.922	69.301	2.733	182.536
D.G. do Instituto Geográfico Nacional	-	-	21	-	209	230
D.G. de Marina Mercante	617	79	-	23	-	719
Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais	872	-	-	-	-	872
ADIF	454	6.821	211	781	-	8.267
AENA	20.395	-	-	8.064	-	28.459
Puertos del Estado	78.215	-	-	31.587	-	109.802
Renfe Operadora	70	-	250	172	30	522
Feve	1.560	1.247	-	-	25	2.832
Correos y Telégrafos	4.839	720	583	3.126	-	9.268
Sasemar	1.000	-	-	-	-	1.000
SEITT	42.606	5.748	138.995	156.619	-	343.968
<b>Capítulo 7: Transferencias de capital</b>	10.066	2.776	366	4.978	-	18.186
Actuacións relacionadas co 1% cultural ás Comunidades Autónomas	-	369	-	500	-	869
Actuacións relacionadas co 1% cultural ás Corporacións Locais	-	404	-	225	-	629
Por asunción de competencias derivadas do cambio de titularidade de determinados tramos de estradas estatais a vías urbanas	1.140	1.583	-	3.871	-	6.594
Indemnización a Autopistas Atlántico CESA, obrigacións derivadas do RD 173/2000	8.103	-	-	-	-	8.103
Programa de medidas para a mellora do sector de Transporte por estrada	823	420	366	382	-	1.991
<b>Total Transferencias</b>	22.664	2.776	366	4.978	-	30.784
<b>Total Investimentos</b>	333.191	118.653	171.618	324.942	5.233	953.637

Fonte: Ministerio de Fomento

## 4.1.5.

## Investimentos totais de Renfe nas CC.AA. 2006-07

	2006		2007	
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Andalucía	15.212,94	17,2	17.334,18	19,6
Aragón	10,24	0,0	10,10	0,0
Asturias	2.421,19	2,7	1.171,94	1,3
Cantabria	45,92	0,1	98,43	0,1
Castela-A Mancha	909,38	1,0	1.676,44	1,9
Castela e León	948,57	1,1	351,39	0,4
Cataluña	6.412,24	7,3	14.386,42	16,3
C. Valenciana	1.825,06	2,1	2.445,82	2,8
Extremadura	1,99	0,0	2,98	0,0
<b>Galicia</b>	<b>401,79</b>	<b>0,5</b>	<b>522,28</b>	<b>0,6</b>
A Coruña	10,49	0,0	69,70	0,1
Lugo	-	-	-	-
Ourense	0,20	0,0	250,12	0,2
Pontevedra	391,10	0,4	171,98	0,0
Varias provincias	-	-	30,47	-
Madrid	33.812,59	38,3	48.205,03	54,6
Murcia	92,67	0,1	47,86	0,1
Navarra	2,41	0,0	-	-
País Vasco	4.299,45	4,9	2.023,12	2,3
<b>Total asignable CC.AA.</b>	<b>66.396,44</b>	<b>75,2</b>	<b>88.275,98</b>	<b>100</b>
<b>Asignable varias CC.AA.</b>	<b>16.151,97</b>		<b>13.680,63</b>	
<b>Non asignable CC.AA.</b>	<b>933.795,46</b>		<b>1.004.658,04</b>	
<b>Investimento total</b>	<b>1.016.343,87</b>		<b>1.106.614,65</b>	

Fonte: Renfe

## 4.1.6.

## Infraestruturas de transporte terrestre

Respecto ás infraestruturas terrestres por estradas, os datos do Anuario Estatístico do Ministerio de Fomento reflicten que a rede de estradas de Galicia está composta por 79.274 quilómetros, dos que 61.756 quilómetros corresponden á rede viaria municipal, 15.241 km. están a cargo da Entes Territoriais e 2.277 km. a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro 4.1.2.** reflicte que o 33,1% (753 quilómetros) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que dos quilómetros a cargo dos Entes Territoriais, o 65,2% dos mesmos, 9.936 quilómetros, están a cargo das Deputacións provinciais, e 5.305 km, a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ao investimento medio na rede de estradas do Estado, comunidades autónomas, deputacións e cabildos no período 2002–06, o **cadro 4.1.4.** amosa que en Galicia investíronse un total de 149,2 miles de euros por cada 1.000 habitantes, sendo a media estatal de 136,5 miles de euros. Por contra, se se considera tan só o investimento correspondente ao Estado, nesos cinco anos a devandita ratio sitúase en Galicia por baixo da media estatal, acadando os 64,8 miles de euros por cada mil habitantes fronte aos 65,3 miles de euros de media en España.

En termos de investimento por quilómetro de rede, o investimento en Galicia ascendeu, no mesmo período de tempo, a 27,8 miles de euros, sendo a quinta comunidade na que menos se inviste, por diante de Castela–A Mancha (19,0 miles de euros), Castela e León (23,1), Baleares (23,6 miles de euros) e Murcia (26,8 miles de euros). A diferenza do acontecido no caso da ratio investimento por habitante, tanto o investimento do conxunto das administracións públicas por quilómetro de rede como o do Estado, ambas as dúas ratios sitúanse por baixo da media española.

O investimento real do Ministerio de Fomento na comunidade autónoma de Galicia ascendeu no último ano a 953,6 millóns de euros, dos que o 36,1% (344,0 millóns de euros) corresponde á Sociedad Estatal de Infraestructuras de Transporte Terrestre (SEITT). O **cadro 4.1.5.** amosa que o investimento da Dirección General de Carreteras foi de 265,2 millóns de euros (o 27,8% do volume total de investimentos reais), e o realizado pola Dirección General de Ferrocarriles ascendeu a 182,5 millóns de euros, (o 19,1%).



## Situación das liñas ferroviarias segundo o seu grado de avance a 31 de decembro de 2007

	Estudio informativo	Proxecto	Obras plataforma	Obras vía (en Km.)	Obras seguridade	apta 160 km	obras electrificac.	Apta
<b>Eixe Atlántico</b>	74,3	37,9	64,6	49,4	18,3	53,1	-	-
Frontera Portugal - Vigo	14,5							
Vigo - Pontevedra		2,5	25,2	10,0				
Pontevedra - Santiago		32,7	19,5	19,5	14,3	14,6		
Santiago - A Coruña (A Coruña) Uxes-Betanzos	21,3		25,1	25,1	4,0	38,5		
Betanzos - Ferrol	36,0							
<b>Olmedo - Zamora - Ourense</b>	9,3	235,4	81,0	-	-	-	-	-
Olmedo - Zamora		10,9	81,0					
Zamora - Lubián		130,0						
Lubián - Ourense	9,3	94,5						
<b>Ourense - Santiago</b>	1,5	1,8	82,0					
<b>(Ourense) Maside - Portas (Pontevedra)</b>	59,6							
<b>Ourense - Lugo</b>	93,3	2,5	7,5	7,5	-	-	-	-
Ourense - Monforte	35,6	2,5						
Monforte - Lugo	57,7		7,5	7,5				
<b>Lugo - Betanzos (A Coruña)</b>	92,0							
<b>Palencia-León-Ponferrada-Monforte</b>	170,1	48,8	-	-	-	-	-	-
Palencia-León	57,6	48,8						
León-Ponferrada	112,5							
Ponferrada-Monforte	110,0							
<b>Bilbao-Cantabria-Asturias-Comarca Ferrol</b>	450,0	-	-	-	-	-	-	-
Ribadeo - Com. Ferrol	123,0							
Bilbao-Cantabria-Asturias-Ribadeo	327,0							
<b>Total</b>	<b>797,1</b>	<b>356,5</b>	<b>221,2</b>	<b>56,9</b>	<b>18,3</b>	<b>53,1</b>	<b>-</b>	<b>-</b>

Fonte: O camiño de ferro en Galicia, <http://www.camfergal.info>

## 4.1.7.

## Actuación e obras retrasadas a 31 de decembro 2007

	Trámites e actuacións demoradas	Demora
<b>Eixe Atlántico</b>		
	Segue pendente de licitación o Estudo informativo desde a fronteira con Portugal a Porriño	72 meses
	Obras tramo "Portela-Portas" da variante de Portas	29 meses
	Obras tramo "Portas-Vilagarcía" da variante de Portas	22 meses
	Estudio informativo / D.I.A. de electrificación do Eixe Atlántico entre Vigo-Santiago-A Coruña	Pendente contratación
<b>Olmedo - Zamora - Ourense</b>		
	Licitación das obras do tramo Olmedo-Pozal de Gallinas	36 meses
	Licitación das obras de todos os tramos entre Zamora-Lubián Olmedo-Pozal de Gallinas	Entre 28 e 31 meses
	Pendente licitación do proxecto de Ourense (límite concello)-Ourense-Empalme	17 meses
<b>Ourense - Santiago</b>		
	Sen adxudicarse o proxecto básico do acceso desde a liña de Santiago á Estación de Ourense	28 meses
<b>Ourense - Lugo</b>		
	Pendente declaración de impacto ambiental Ourense- Monforte	59 meses
	Pendente declaración de impacto ambiental Monforte-Lugo	59 meses
<b>Lugo - Betanzos (A Coruña)</b>		
	Publicación do Estudo informativo Lugo-Betanzos (A Coruña)	36 meses
<b>Palencia-León-Ponferrada-Monforte</b>		
	Mº Fomento, ao licitar un Estudo informativo complementario, retrasou a elaboración da D.I.A. de León-Ponferrada	48 meses
	Mº Fomento ven demorando a información pública de Ponferrada-Monforte	41 meses
<b>Bilbao-Cantabria-Asturias-Comarca Ferrol</b>		
	Publicación dos estudos informativos dos tres tramos do corredor cantábrico .	30 meses

Fonte: O camiño de ferro en Galicia, <http://www.camfergal.info>

## 4.1.8.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

**Investimentos presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas 2005-06**

Organismo	Concepto	2006	2007	07/06
		(en miles de €)		(%)
D.X. Obras Públicas	Estrada ( 600, 610)	308.231,7	342.955,4	11,3
D.X. Transportes	Estrada ( 600, 610)	7.542,5	7.600,0	0,8
Portos de Galicia	Portos (presuposto de capital)	30.974,0	32.716,0	5,6
Augas de Galicia	Investimentos reais (Cap. VI)	20.640,3	17.732,0	-14,1
Obras e Servizos Hidráulicos	Obras hidráulicas (presuposto de capital)	96.146,0	108.846,0	13,2
<b>Total</b>		<b>463.534,4</b>	<b>509.849,4</b>	<b>10,0</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

**4.1.9.**

Desagregando a nivel provincial, o 34,9% do total do investimento real do Ministerio de Fomento en Galicia está realizado na provincia de A Coruña, con 333,2 millóns de euros, sendo os investimentos máis importante os da DG de Ferrocarriles, con 105,2 millóns de euros (31,6% do investimento na provincia), e Puertos del Estado, con 78,2 millóns de euros (23,5%). A segunda provincia en importancia polo volume de investimento é a de Pontevedra, con 324,9 millóns de euros (34,1% do investimento total), dos que case a metade corresponde a SEITT, e un 21,3% (69,3 millóns de euros) a devandita DG de Ferrocarriles.

Ademais do investimento da DG de Ferrocarriles, Renfe investiu en Galicia un total de 522,3 miles de euros en 2007, o 0,6% do investimento total asignable ás diferentes comunidades autónomas. A provincia de Ourense abrangue case a metade deste investimento, con 250,1 miles de euros, dedicando a súa totalidade á partida de instalacións e medios de xestión –mecadorías e loxística. En Pontevedra investíronse 172, 3 millóns de euros, dos que 132,5 dedicáronse a instalacións industriais.

Tendo en conta o devandito investimento, os datos recollidos nos **cadros 4.1.7. e 4.1.8.** amosan a dificultade para garantir a posta en marcha do tren de alta velocidade antes do ano 2013. Neste senso, o CES, no seu informe 1/07, indica que hai que ter en conta que calquera medida que reste calidade ao servizo así como a demora na súa posta en funcionamento respecto a outros puntos de España terá influencias negativas para o desenvolvemento económico de Galicia.

A 31 de decembro de 2007, a meirande parte das obras do AVE en Galicia atopábanse en fase de estudo informativo ou en proxecto. Tan só 51,3 km do corredor do eixe atlántico estaban en servizo, pero a velocidade de 160 quilómetros por hora.

No que atinxe á demora das actuacións ou trámites previstos, cómpre salientar que nesa data esta varía entre os sete anos correspondente á licitación do estudo informativo do tramo dende a fronteira portuguesa e Porriño, e os 17 meses do tramo Ourense (límite concello) –Ourense–Empalme, aínda pendente de licitación. Asemade, hai que destacar que está pendente de contratación o estudo informativo e declaración de impacto ambiental da electrificación do eixe atlántico entre Vigo–Santiago–A Coruña.

O **cadro 4.1.9.** recolle a evolución de investimento realizado en materia de estradas, portos e obras hidráulicas pola Dirección Xeral de Obras Públicas, a Dirección Xeral de Transportes, Portos de Galicia, Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos. En 2007 este investimento medrou un 10% en relación ao ano anterior, para situarse nos 509,8 millóns de euros, dos que 343,0 millóns de euros (un 11,3% superior á do ano precedente) corresponden á D.X. de Obras Públicas. O investimento en obras hidráulicas (Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos) ascendeu aos 126,6 millóns de euros (un 8,4% máis que o rexistrado en 2006) e Portos de Galicia rexistra unha medra do 5,6%, cun investimento de 32,7 millóns de euros.

No concernente aos principais programas das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes, **cadro 4.1.10.**, o investimento do programa de construción, conservación e explotación de estradas ascendeu no último ano a 347,5 millóns de euros, un 10,9%

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.**
- 4.2.

## Proxecto de investimentos das direccións xerais de Obras Públicas e Transportes 2006-07

512 A	Ordenación e inspección do transporte terrestre	2006	2007	07/06
		(en miles de €)		(%)
600	Mellora da accesibilidade	7.042,5	7.100,0	0,8
608	Outros investimentos	1.000,0	3.000,0	200,0
610	Infraestruturas de mellora da da accesibilidade	500,0	500,0	-
625	Mobiliario e utensilios	40,0	-	-
633	Maquinaria, instalacións e utensilios - reposición	18,0	18,0	-
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.300,0	1.299,5	-0,0
<b>512 B</b>	<b>Construción, conservación e explotación de estradas</b>			
600	Mellora da accesibilidade	272.033,4	283.523,6	4,2
610	Infraestrutura de mellora da accesibilidade	36.198,2	59.431,8	64,2
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	300,0	330,0	10,0
624	Material de transporte	250,0	270,0	8,0
625	Mobiliario e útiles	18,0	18,0	-
626	Equipos para procesos de información	12,0	-	-100
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	4.664,3	3.921,0	-15,9

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

## 4.1.10.

## Investimentos de Portos de Galicia 2006-07

	2006					
	A Coruña	Lugo	Pontevedra	Varios portos	Servicios centrais	Total
	(en €)					
1.1. Adquisición de solares	-	-	-	657.525,00	-	657.525,00
1.2. Sinais marítimas e balizamento	-	-	-	25.450,00	-	25.450,00
1.3. Accesos marítimos	598.750,82	31.031,46	-	-	-	629.782,28
Obras de abrigo e dársenas	2.206.363,12	772.893,08	7.956,97	-	-	2.987.213,17
Obras de atraque	5.703.986,14	836.516,36	3.793.358,81	-	-	10.333.861,31
1.4. Edificacións	2.380.749,44	371.187,24	1.137.254,88	56.034,47	-	3.945.226,03
Instalacións xerais	188.179,64	35.728,91	121.821,05	295.032,55	-	640.762,15
Pavimentos, calzadas e vías circulación	5.800.637,11	-	426.564,75	-	-	6.227.201,86
1.5. Estudos e proxectos	444.187,63	148.978,68	90.412,86	130.172,62	-	813.751,79
<b>Total</b>	<b>17.322.853,90</b>	<b>2.196.335,73</b>	<b>5.577.369,32</b>	<b>1.164.214,64</b>		<b>26.260.773,59</b>
	2007					
	A Coruña	Lugo	Pontevedra	Varios portos	Servicios centrais	Total
	(en €)					
2.1. Sinais marítimas e balizamento	-	-	-	-	10.216,00	10.216,00
2.2. Accesos marítimos	56.202,23	-	-	-	-	56.202,23
Obras de abrigo e dársenas	3.441.250,04	95.667,75	51.175,70	-	-	3.588.093,49
Obras de atraque	3.231.631,76	399.496,54	2.919.442,13	-	14.818,00	6.565.388,43
2.3. Edificacións	2.830.810,77	1.722.607,37	4.440.944,07	-	-	8.994.362,21
Instalacións xerais	259.807,67	184.867,26	166.373,06	-	30.812,16	641.860,15
Pavimentos, calzadas e vías circulación	2.388.733,50	233.926,26	578.739,75	-	-	3.201.399,51
3.1. Estudos e proxectos	271.406,54	63.840,35	154.372,18	-	126.323,29	615.942,36
<b>Total</b>	<b>12.479.842,51</b>	<b>2.700.405,53</b>	<b>8.311.046,89</b>	<b>-</b>	<b>182.169,45</b>	<b>23.673.464,38</b>

Fonte: Portos de Galicia

## 4.1.11.

máis que o presupostado no ano anterior. O programa de ordenación e inspección do transporte terrestre, ascendeu ata os 11,9 millóns de euros, un 20,4% máis que en 2006.

### Infraestruturas portuarias e aeroportuarias

Un dos aspectos máis importantes acontecidos no ano 2007 foi a convocatoria do concurso público para a selección de proxectos relativos ao establecemento e explotación dunha ou varias autopistas do mar entre Francia e España na fachada atlántica–A Mancha–Mar do norte (BOE, martes 17 abril 2007). O porto de Vigo presentouse ao devandito concurso como porto cabeceira coa compañía Acciona Transmediterránea e coas dársenas de Alxeciras, Saint Nazaire y Le Havre.

O investimento real en infraestruturas portuarias en Galicia ascendeu a 133,5 millóns de euros no ano 2007, dos que 109,8 millóns de euros corresponden ao investimento realizado polo Ministerio de Fomento nos portos de interese xeral, e os restantes 23,7 millóns de euros ao investimento no resto dos portos de Galicia.

- **Portos de interese xeral do Estado.**– Dos 109,8 millóns de euros investidos polo Ministerio de Fomento nos portos de interese xeral no ano 2007, o 71,2% dirixíronse aos dous portos da provincia de A Coruña (78,2 millóns de euros) e o 28,8% restante (31,6 millóns de euros), aos tres da provincia de Pontevedra.

- **Portos da Comunidade Autónoma.**– O investimento en infraestruturas portuarias ao longo do ano 2007 descendeu case un dez por cento respecto ao ano anterior, acadando os 23,7 millóns de euros. Tras unha caída do 28%, os portos da provincia de A Coruña acolleron o 52,7% do investimento total (12,5 millóns de euros). Por contra, o investimento nos portos da provincia Pontevedra medrou un 49% e nos de Lugo, un 23%, acadando os 8,3 e 2,7 millóns de euros investidos, respectivamente.

Atendendo aos diferentes tipos de obras, o **cadro 4.1.11.** reflicte que no último ano as dúas terceiras partes do investimento dirixiuse ás obras de edificacións e ás de atraque, con 9,0 e 6,6 millóns de euros, respectivamente. O investimento en obras de abrigo e atraque ascendeu a 3,6 millóns de euros, o 15,2% do investimento total.

No caso das infraestruturas aeroportuarias, AENA investiu nos tres aeroportos galegos un total de 28,5 millóns de euros, dos que 20,4 millóns corresponden aos aeroportos de Santiago e A Coruña, e os 8,1 millóns de euros restantes, ao de Vigo.

### Parques tecnolóxicos e empresariais

Galicia presenta un elevado déficit de solo industrial e empresarial, especialmente en áreas dinámicas de Galicia, o que constitúe un elemento limitante para o seu desenvolvemento económico. Segundo os datos facilitados pola Consellería de Vivenda e Solo, no ano 2003 había un total de 35 parques empresariais que estaban esgotados (na súa totalidade ou nalgũa das súas fases) e oito estaban paralizados.

No que atinxe ás principais actuacións desenvolvidas no ano 2007 (parques empresarias en execución ou proxectos rematados en tramitación), o **cadro 4.1.12.** reflicte que os que presentan unha maior superficie lucrativa industrial son os do Parque Loxístico Intermodal Salvaterra–As Neves (Plisan), con 2.279.491 metros cadrados, e As Gándaras, con 1.090.635 m<sup>2</sup>.

En termos de superficie total, cómpre salientar o Plan territorial integrado de Val de Rábade, onde o IGVS está a promover un parque empresarial cunha superficie de 9.500.000 metros cadrados. Séguenlle en importancia os devanditos Plisan e As Gándaras, cunha superficie de 4.177.851 m<sup>2</sup> e 2.167.503 m<sup>2</sup>, respectivamente.

### Sociedade do coñecemento

1.1.  
1.2.  
1.3.  
1.4.  
1.5.  
1.6.  
2.1.  
2.2.  
2.3.  
3.1.  
3.2.  
3.3.  
3.4.  
3.5.  
3.6.  
4.1.  
4.2.

## Parques empresariais. Principais actuacións en 2007

	Denominación	Promotor	Estado actual	Superficie total	Superficie Lucrativa industrial
(en m <sup>2</sup> )					
<b>A Coruña</b>					
Camariñas	Camariñas	SEA	Tramitación	59.840	33.420
Carballo	Bértoa 2ª fase	IGVS	Tramitación	540.000	
Cedeira	A Trabe	Xestur A	Execución	103.808	59.190
		Coruña			
Cee	Cee	SEA	Execución	228.770	106.805
Ferrol	Plataforma Loxística, Empresarial e Portuaria de Ferrol (Mandía)	IGVS/AP. Ferrol	Redacción	1.702.202	1.134.801
Ferrol	San Pedro de Leixa	SEA	Tramitación	1.335.530	742.331
Pobra-Ribeira	Barbanza	IGVS	Tramitación	1.008.928	541.520
Rianxo	Rianxo	SEA	Adquisición de terreos	335.167	201.864
Santiago	Santiago - Sionlla	IGVS	Adquisición de terreos	1.382.799	758.883
<b>Lugo</b>					
Lugo	As Gándaras	Xestur Lugo	Execución	2.167.503	1.090.635
Viveiro	Landrove	Xestur Lugo	Adquisición de terreos	130.446	64.575
<b>Ourense</b>					
Carballeda de Avia	Parque medioambiental	IGVS	Redacción	804.641	
Taboadela-Paderne de Allariz-Allariz-San Cibrao das Viñas	Campus industrial de Paderne de Allariz	IGVS	Tramitación	1.000.000	
Taboadela-Paderne de Allariz-Allariz-San Cibrao das Viñas	Plan Territorial integrado Val da Rábade	IGVS	Tramitación	9.250.000	
Taboadela-Paderne de Allariz-Allariz-San Cibrao das Viñas	Val da Rábade (Sector Suroeste Taboadela I)	IGVS	Tramitación	1.000.000	
Verín	Tamagos	IGVS	Tramitación	1.406.700	618.156
<b>Pontevedra</b>					
Bueu -Cangas	O Morrazo	IGVS/AP Vigo	Tramitación	1.397.000	
A Estrada	Cidade do Moble	Xestur	Tramitación	528.350	302.924
A Garda- O Rosal	A Garda- O Rosal	Pontevedra			
		SEA	Adquisición de terreos	260.211	166.184
Mos	A Arroufana (Mos II)	Xestur	Redacción	800.000	
Porriño	Centro de excelencia en electrónica vehículos intelixentes	Pontevedra			
		IGVS	Tramitación	47.164	32.111
Salvaterra-As Neves	Area de actividade CI, Area loxística intermodal LI, Área loxística de transformación LT e A Área de actividades MI	Autoridade Portuaria de Vigo	Execución	2.393.920	1.380.916
Salvaterra-As Neves	Área de actividades MI (PLISAN este)	Consorcio Zona Franca	Execución	683.371	463.876
Salvaterra-As Neves	Área loxístico-empresarial (PLISAN norte)	Xestur	Execución	967.125	399.367
Salvaterra-As Neves	Centro integrado de servizos (PLISAN centro)	Pontevedra			
		Xestur	Execución	133.435	35.332
		Consorcio Zona Franca			
Tomíño	Tomíño	Xestur	Aprobado	493.456	294.194
Vilagarcía de Arousa	O Pousadoiro	Pontevedra			
		Xestur	Venda	210.749	121.547
Vilanova de Arousa	Vilanova II	Pontevedra			
		SEA	Adquisición de terreos	316.630	171.889
Vilanova de Arousa	Vilanova I (Baión)	SEA	Execución	276.540	141.576
Vilanova de Arousa/Vilagarcía	Tremoedo (Vilanova III)	Xestur	Tramitación	1.423.393	
		Pontevedra			

Fonte: Consellería de Vivenda e Solo

## 4.1.12.

Dende o punto de vista funcional, o 10,6% dos orzamento consolidado para 2007 corresponde á produción de bens públicos de carácter económico, e dentro deste, 29,8 millóns de euros destínanse á sociedade da información e do coñecemento. A meirande parte do presuposto vai destinado ao programa 572A “Desenvolvemento infraestruturas e empresarial da sociedade”, con 21,5 millóns de euros, e os restantes 8,3 millóns de euros, dirixíronse ao “fomento da sociedade da información e do coñecemento (571A).

En marzo de 2007 aprobouse no Parlamento Galego o Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGS) 2007–10, que marca como obxectivo principal o de contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando as vantaxes que ofrecen as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). Neste primeiro ano de aplicación, o investimento directo ascendeu a 156,2 millóns de euros, un 13,7% superior

**Orzamentos do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-10: distribución segundo estratexias operativas**

	Executado 2007	Previsto 2007	Inducido 2007	Previsto Xunta 2007-10
<i>(en millóns de euros)</i>				
<b>Estratexias transversais</b>				
Infraestrutura para a S.I.	24,4	27,1	97,9	98,1
Interoperatividade, seguridade e coñecemento aberto	1,6	0,7	2,5	4,4
Contidos e servizos	5,3	4,1	5,6	26,9
<b>Estratexias sectoriais</b>				
Desenvolvemento do sector empresarial da S.I.	21,0	25,7	34,6	140,0
Aplicación das TIC polo tecido empresarial	26,8	10,4	46,6	50,2
Servizos útipos de calidade	66,0	55,7	74,0	297,3
Inclusión e sostibilidade	9,2	9,6	11,0	41,1
<b>Estratexias instrumentais</b>				
Instrumentos para a xestión destas políticas públicas	2,0	4,1	2,1	21,6
<b>Total</b>	<b>156,2</b>	<b>137,4</b>	<b>274,2</b>	<b>679,5</b>

Fonte: Consellería de Innovación e Industria, Informe de Seguimento do PEGSI- Ano 2007

4.1.13.

**Alumnado matriculado e graduado en ciencias experimentais e técnicas relacionadas coas TIC nas universidades galegas e españolas**

	matriculado 1º e 2º ciclo			graduado		
	curso 05/06 (A)	curso 06/07 (B)	B - A	curso 04/05 (A)	curso 05/06 (B)	B - A
<b>A Coruña</b>						
CC. Experimentais	1.035	915	-120	105	108	3
Ensinanzas técnicas	9.339	9.006	-333	984	951	-33
<b>Santiago de Compostela</b>						
CC. Experimentais	3.215	3.053	-162	520	449	-71
Ensinanzas técnicas	3.576	3.223	-353	646	566	-80
<b>Vigo</b>						
CC. Experimentais	1.833	1.522	-311	239	123	-116
Ensinanzas técnicas	7.831	7.363	-468	1.046	939	-107
<b>Galicia</b>						
CC. Experimentais	6.083	5.490	-593	864	680	-184
Ensinanzas técnicas	20.746	19.592	-1154	2.676	2.456	-220
<b>España</b>						
CC. Experimentais	101.252	94.210	-7.042	13.439	12.737	-702
Ensinanzas técnicas	380.042	363.580	-16.462	43.440	40.844	-2.596
<b>Galicia / España (%)</b>						
CC. Experimentais	6,0	5,8		6,4	5,3	
Ensinanzas técnicas	5,5	5,4		6,2	6,0	

Fonte: Ministerio de Ciencia e Innovación

4.1.14.

ao inicialmente previsto para o 2007. O informe de seguimento do PEGSI reflicte, **cadro 4.1.13.**, que o investimento realizado pola Administración orixinou un investimento inducido de 274,2 millóns de euros.

Á hora de analizar os distintos indicadores do grao de penetracións das TIC nos fogares e empresas galegas, e dada a existencia dunha notable conexión entre a tecnoloxía, a formación e a competitividade, cómpre facer referencia ao nivel educativo e formativo.

Os datos da Enquisa de poboación activa reflicten que en Galicia, en 2006, a porcentaxe de persoas maiores de 16 anos con estudos superiores era do 21,5% (lixieiramente superior no caso das mulleres). No caso das persoas con estudos de secundaria (primeira e segunda etapa), representan en conxunto o 41%, acadando o 45,1% no caso dos homes e o 37,4%, no das mulleres. En relación ao conxunto do Estado, o peso relativo das persoas con estudos superiores é do 6% (6,4% no caso das mulleres e 5,7% nos homes), e do 5,8% no caso da educación secundaria (5,9% e 5,8% no que aos homes e mulleres se refire, respectivamente).

## Indicadores das tecnoloxías da información e da comunicacións (TIC) en Galicia e España 2006-07

	Galicia		España	
	2006	2007	2006	2007
	(%)			
<b>Fogares</b>				
Fogares equipados con ordenador	51,5	51,6	57,8	60,4
Fogares con acceso a internet	30,2	32,3	40,1	44,6
Fogares con conexión de banda ampla	20,7	25,7	31,0	39,2
Fogares equipados con teléfono fixo	83,9	80,9	83,1	81,2
Fogares equipados con teléfono móbil	82,8	86,6	88,6	90,9
<b>Empresas (2)</b>				
Ordenadores	96,6	96,7	98,4	98,1
Rede de Área Local (LAN)	66,8	66,8	70,8	70,9
Intranet	22,5	22,6	27,8	26,6
Conexión a Internet	87,6	90,2	92,7	94,3
correo electrónico	85,6	88,8	90,5	92,4
Acceso a internet mediante banda ampla	91,4	91,6	94,0	95,2
Interactúan coas Administracións Públicas mediante internet	55,9	60,3	62,8	61,7
Conexión a internet e sitio páxina web	50,5	51,6	50,2	51,9
Con páxina web que usan sistemas seguridade actualizados nos 3 meses anteriores	87,3	86,1	84,4	82,4
<b>Novas tecnoloxías</b>				
Persoas que usan teléfono móbil	76,9	78,7	84,0	86,5
Persoas 16 a 74 anos que empregaron ordenador	48,7	46,6	52,1	57,2
Persoas 16 a 74 anos que se conectaron a internet (últimos 3 meses)	41,2	43,0	48,3	52,0
Persoas 16 a 74 anos que mercaron por internet (últimos 3 meses)	8,6	9,5	10,9	13,0
	(nenos 10 a 15 anos = 100)			
Nenos de 10 a 15 anos que empregaron ordenador (últimos 3 meses)	65,6	90,9	75,1	92,8
Nenos de 10 a 15 que se conectaron a internet (últimos 3 meses)	68,5	74,5	71,7	76,8
Nenos de 10 a 15 que dispoñen de teléfono móbil	58,7	64,4	58,0	64,7

(2) Datos correspondentes a un de xaneiro  
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INE

## 4.1.15.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

As estatísticas universitarias amosan que ao longo do curso académico 06/07 continuou a caída do alumnado no conxunto das universidades galegas, que se situou nas 70.840 persoas, 3.938 menos que as matriculadas no curso anterior, o que representa o 5% dos universitarios en España (5,2% no curso 2005/06).

Ao igual que o conxunto do alumnado universitario en Galicia, o número de persoas matriculadas nas ramas con relación coas TIC (ciencias experimentais e ensinanzas técnicas) segue a tendencia descendente dos últimos cursos. O **cadro 4.1.14.** amosa que o número de alumnos matriculados foi de 25.082 persoas, 1.747 alumnos menos que no curso anterior, sendo esta caída novamente moito máis acusada que no conxunto do Estado (6,5% e 4,9%, respectivamente). Nas ciencias experimentais matriculáronse un total de 5.490 alumnos (o 21,9% das devanditas ramas) e nas ensinanzas técnicas, 19.592 alumnos (o 78,1%).

A importancia relativa do número de alumnos matriculados nestas dúas ramas no conxunto de universitarios galegos descendeu medio punto porcentual, situándose no 35,4% no derradeiro curso (32,6% no conxunto de universidades españolas), en tanto que o seu peso relativo no total de alumnos nestas ramas relacionadas coas TIC en España é do 5,5% (5,6% no curso anterior).

O equipamento en tecnoloxías de información e a comunicación continúa, con carácter xeral, a súa tendencia á alza tanto nos fogares galegos coma españois. Os datos recollidos no **cadro 4.1.15.** reflicten que no último ano continúa o proceso de substitución do teléfono fixo polo móbil, diminuíndo en Galicia en tres puntos porcentuais a implantación do fixo e medrando en case catro puntos a do móbil.

O 51,6% dos fogares galegos dispoñían en 2007 dalgún tipo de ordenador e un 32,3% dos fogares tiñan acceso a internet (30,2% en 2005). A pesar desta medra, Galicia atópase moi lonxe da media estatal, e se sitúa coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade de ordenador e acceso a internet tras Estremadura.

Do conxunto de fogares con acceso a internet en Galicia (282,2 miles de fogares), o 79,7% pode conectarse por banda ampla, o que representa o 25,7% dos fogares galegos.

No conxunto do Estado, a porcentaxe de fogares con este tipo de conexión é do 87,9% (o 39,2% do total de fogares españois).

O 46,6% da poboación galega de 16 a 74 anos empregou o ordenador nos tres meses anteriores ás enquisas, situándose esta porcentaxe no 43% no caso das persoas que se conectaron a internet. Un 9,5% da poboación de 16 a 74 anos mercou produtos e servizos a través de internet, cifra que representa unha medra de case un punto porcentual respecto á media do ano 2006. No conxunto do Estado, esta porcentaxe foi do 13%, 2,1 puntos por riba do rexistrado no ano anterior.

En relación aos usos de tecnoloxías da información e as comunicacións nas empresas, o uso de ordenadores está estendido na práctica totalidade das mesmas. O 90,2% das empresas galegas de dez ou máis asalariados dispón de conexión a internet en xaneiro de 2007, 2,6 puntos máis que na mesma data do ano anterior, das que o 91,6% accede a través dalgún tipo de banda ampla.

Cómpre salientar o incremento da porcentaxe de empresas que interactúan coas administracións públicas mediante internet, que tras unha medra de 4,4% representa o 60,3% (61,7% de media en España). A porcentaxe de empresas galegas que dispón de sitio/páxina web en Galicia foi de 51,6%, tres décimas menos que no conxunto do Estado, e a de empresas con páxina web que empregan sistemas de seguridade actualizados nos tres meses anteriores á enquisa foi do 86,1%, case catro puntos por riba da media estatal. ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

**4.1.**

4.2.